



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL


DIRECCIÓN XERAL DE ESTRUCTURAS E
INFRAESTRUTURAS AGRARIAS

DATA
A Coruña, 3 de xuño de 2008

A SUA REFERENCIA

A NOSA REFERENCIA
Negociado de obras (L)

ASUNTO
Entrega de obras ao concello




DESTINATARIO

Alcalde-Presidente
Ramallosa, s/n

15883 TEO

SAIDA



ARQUIVO N°

Co fin de facer a entrega ao concello, achegámoslle a documentación seguinte das obras realizadas nese término municipal e que se sinalan a continuación:

1. Acta de recepción
2. Comunicación finalización de obras
3. Planos de situación dos camiños afectados polas obras

CLAVE	TÍTULO
X-6803	Camiños secundarios e acondicionamento das fincas resultantes da concentración parcelaria de Calo

O xefe do Servizo de Infraestruturas
e Estructuras Agrarias,



Ramón Giménez de Azcárate Cornide



Visto e prace
A delegada provincial,

Olga María García Agra



ACTA DE RECEPCIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO “CAMIÑOS SECUNDARIOS E ACONDICIONAMENTO DAS FINCAS RESULTANTES DA CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE CALO, CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)”, X-6803.

En Teo, o mércores, día 30 de abril de 2008, reúnense:

Ramón Giménez de Azcárate Cornide, enxeñeiro agrónomo, xefe do Servizo de Infraestruturas e Estruturas Agrarias na Coruña, en representación da administración contratante.

Manuel Blanco Calviño, enxeñeiro agrónomo, como director das obras de referencia.

Francisco Brantuas Cardeso, en nome e representación da empresa CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L., para proceder á recepción das obras, de acordo co establecido no artigo 147 do Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas.

Ponse en coñecemento dos asistentes que, segundo consta no escrito de data do 15 de xaneiro de 2008, tomouse o acordo de non nomear representante da Intervención Xeral para este acto.

Examinadas as obras, comprobouse que se encontran en bo estado e que foron executadas de acordo co proxecto técnico aprobado coa data do 16 de marzo de 2005 e ordes da dirección facultativa.

En consecuencia, acórdase recibir as obras e entregalas ao uso público, comezando a contar dende esta data o prazo de garantía establecido no prego de cláusulas administrativas particulares durante o que será de conta da contrata a vixiancia e conservación das mesmas.

Fíxase como data para a medición final da obra o mércores, día catorce de maio de 2008.

E para que conste, expídese a presente acta por sextuplicado exemplar, que asinan en proba de conformidade os asistentes no lugar e data indicados.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

DIRECCIÓN XERAL DE ESTRUTURAS E
INFRAESTRUTURAS AGRARIAS



COMUNICACIÓN DA FINALIZACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE “CAMIÑOS SECUNDARIOS E ACONDICIONAMENTO DAS FINCAS RESULTANTES DA CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE CALO, CONCELLO DE TEO”, X-6803.

A obra de referencia, incluída nos plans de mellora da infraestrutura rural a realizar pola Consellería do Medio Rural, foi executada conforme ao proxecto técnico aprobado con data 16 de marzo de 2005 polo órgano competente.

As condicións técnicas da súa execución axústanse ás prescricións establecidas, recibíndose esta conforme ao disposto na lexislación aplicable –artigos 147 e seguintes da Lei de contratos de Estado e 163 e seguintes do Regulamento xeral de contratación do Estado- quedando, de ser o caso, a Administración relevada de toda responsabilidade e desvencellada da obra, agás se apreciasen defectos durante o prazo de garantía, ou pola existencia de vicios ocultos debidos ao incumprimento doloso do contratista. Comunicarase a esta Dirección Xeral os ditos defectos ou vicios co fin de exercer as accións legais que procedan.

Por todo isto, este centro directivo acorda entregar a referida obra e transmitir por este acto o dominio desta ao concello de Teo, do que vostede é alcalde. Significándolle que, conforme co establecido no artigo 64 e seguintes da Lei galega 10/85, do 14 de agosto, de concentración parcelaria para Galicia, modificada pola Lei 12/2001, do 10 de setembro, o dito acordo é inmediatamente executivo, podendo recorrer ante o conselleiro do Medio Rural no prazo de 60 días, contados dende o seguinte ao da presente notificación.

O que lle comunico a vostede para o seu coñecemento e efectos, achegando copia do plano de situación da referida obra.

Santiago de Compostela, **- 9 MAI. 2008**

O director xeral de Estruturas e Infraestruturas Agrarias,


Xosé Carballido Presas

ALCALDE DO CONCELLO DE TEO

